

En virtude da delegación efectuada polo pleno municipal na sesión do 20 de xullo de 2015, a Xunta de goberno local, na sesión do 11 de abril de 2016, adoptou o seguinte acordo:

“Tendo previsto levar a cabo a execución das obras “Carretera de Ponte-Aranga a Lousada , parroquias de Aranga e Verís”, cofinanciada pola Deputación Provincial eos concellos de Aranga e Irixoa, segundo convenio de colaboración suscrito ao efecto entre os dous concellos, para a solicitude e xestión conxunta da dita obra, cun orzamento total de 278.281,56 €.

.....**Primeiro:** Aprobar o expediente de contratación das obras de “Carretera de Ponte-Aranga a Lousada , parroquias de Aranga e Verís” , autorizando o gasto de 278.281,56 € e realizando a reserva de crédito necesario para a súa execución.

Segundo: Dispoñer a apertura do procedemento aberto para adxudicar a obra , mediante a inserción do correspondente anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia e no Perfil do contratante, utilizando o prego de clausulas administrativas particulares aprobado pola Deputación Provincial na sesión do 30 de decembro de 2015.

Terceiro: Facultar ao Sr. Alcalde para que, no nome e na representación deste Concello leve a cabo as actuacións que dimanen deste acordo.

Cuarto: Desinar Técnico director da obra a D.Antonio López Panete”